



Literatura oral

*[Conto Tipo 1854 *] O xastre e a silva*

Era un xastre que viña de coser. Era de noite e prendeu nunha silva; o paisano pensou que era un home que termaba del, e dixo:

□Déixame, ho! Déixame, que non che fago mal! Déixame! □e estivo así toda a noite□ Déixame, ho!

Pero ata que foi día non se deu conta de que [o que o prendía] era unha silva e colleu as tesoiras e cortouna, e dixo:

□Ai, se foses un home cortábate igual!

[Fonte oral: Amparo García Platero, de Vilamedia, Palas de Rei (Lugo). Recopilación de Cristina García Cebreiro, alumna de 2º de E.S.O. do I.E.S. de Palas de Rei (Lugo), curso 2005-2006, para o traballo escolar

□Recuperación da literatura oral do concello de Palas de Rei□, coordinado polo profesor Toño Núñez]